



# CONCELLO DE TOURO

## FICHA DE INSCRICIÓN ACTIVIDADES VERÁN LÚDICO 2026

### DATOS PERSOAIS DO NENO OU DA NENA:

NOME E APELIDOS: .....

DIRECCIÓN: .....

IDADE: .....

**Discapacidade** si  no

### DATOS DA FAMILIA:

NOME E APELIDOS DO PAI: .....DNI.....

NOME E APELIDOS DA NAI: .....DNI.....

TELÉF. MÓBIL DO PAI: ..... TELÉF. MÓBIL DA NAI: .....

XUÑO  XULLO  AGOSTO  SETEMBRO  CONCILIA 8-9  14 -15

### NORMAS DO SERVIZO:

1. Non se poderá asistir cando o menor se atope en estados febrís, enfermidades contaxiosas, cando teña piollos, ou en calquera situación que supoña un risco propio, ou de contaxio para o resto de nenos e persoal a cargo.
2. Prohíbese a entrada aos pais e nais dos usuarios na zona educativa, por razóns de organización, espazo e hixiene.
3. Calquera modificación sobre asistencia ou horarios deberá ser consultada ao persoal encargado do servizo con suficiente antelación.
4. Tendo en conta a lista de agarda poderá perderse a praza o feito de non asistir reiteradamente sen avisar e os incumprimentos reiterados dos horarios de saída.
5. Proporcionar un teléfono de contacto no que se poida localizar SEMPRE a unha persoa que se responsabilice do menor en caso de necesidade ou urxencia.
6. **En caso de falta de asistencia sen motivo xustificado durante 5 días seguidos, procederase a dar de baixa ao menor e adxudicar dita praza ao primeiro que se atope na listaxe de agarda.**
7. Os menores deberán acudir provistos de unha botella de auga e da merenda de media mañá xa preparada para comer.

### DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS:

Eu, .....

Como nai / pai do solicitante, **DECLARO:**

- Que todos os datos expresados nesta ficha son certos e que non existe ningunha incompatibilidade nin impedimento para a realización das actividades propostas.

Como nai / pai do solicitante, **AUTORIZO:**

- Ao Concello de Touro a ceder os datos do neno ou da nena á empresa de monitores e de monitoras correspondente para a correcta organización do servizo.
- Ao meu fillo/á miña filla a participar nas saídas programadas fóra das instalacións das actividades.
- Á administración de medicamentos, no caso de ser necesario.
- Ao traslado do neno ou da nena ante unha emerxencia.

- Que en caso de máxima urxencia a Dirección competente tome as decisións oportunas, con coñecemento e prescrición médica se foi imposible a miña localización.

Sinatura:

## PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE TOURO, con dirección CALLE ISABEL II, Nº26, 15822 - TOURO (A CORUÑA); [correo@concellodetouro.gal](mailto:correo@concellodetouro.gal).

**1.- Dpo:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE TOURO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [correo@concellodetouro.gal](mailto:correo@concellodetouro.gal).

**2.- Finalidade Do Tratamento:** Os datos serán utilizados para levar a cabo a inscrición do menor nas actividades do “Verán Lúdico”, así como a xestión administrativa que poida derivarse da mesma.

Datos de Saúde: Co único fin de salvagardar a seguridade do menor, poderemos solicitarlle información sobre o seu estado de saúde, alerxias ou intolerancias alimentarias. Deste xeito evitaremos calquera incidente á hora de organizar as actividades. Deberá terse en conta que, no caso de omitir algún tipo de información ou de que non nos informe correctamente, poderán producirse danos no menor do que só vostede será responsable.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado o CONCELLO DE TOURO.

Uso de fotografías: Co fin de promocionar as actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase a utilizar as fotografías do menor nas nosas redes sociais, boletíns informativos e/ou na páxina web [www.concellodetouro.gal](http://www.concellodetouro.gal) Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:

- Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do menor a través da páxina web/redes sociais
- Non dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do menor a través da páxina web/redes sociais

**Prazo De Conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en calquera caso, mentres non transcorra o prazo de prescrición de posibles accións de responsabilidade derivadas do tratamento.

**3.- Lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o conservaremos mentres non se solicite a supresión do mesmo.

**4.-Destinatarios De Cesiones:** CONCELLO DE TOURO non cederá os seus datos de carácter persoal a terceiros.

**5.- Dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE TOURO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en [correo@concellodetouro.gal](mailto:correo@concellodetouro.gal), sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que se non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: [www.aepd.es](http://www.aepd.es)
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

Touro, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Sinatura: